


# Cousa de raíces

## Roteiros 2015



### Fragas de Catasós- Lalín

Casas Vellas, Quiroga e Belelle

Unha das principais riquezas naturais de Lalín son as súas carballeiras. Este roteiro permitiranos percorrer algunha das máis emblemáticas, como é o caso da **Fraga de Catasós ou de Quiroga**. Está catalogada como **Monumento Natural** en atención aos seu colosais castiñeiros. O termo Quiroga alude aos seus antigos propietarios, emparentados con Emilia Pardo Bazán. Particular interese merece na actualidade tamén a veciña **Fraga de Casas Vellas, ameazada pola tala masiva de árbores que suporía o paso dunha liña de alta tensión**.



O roteiro partirá ás 11 h do Campo novo da festa de Catasós, desde onde partiremos cara os terrapléns e foxo da muralla castrexa de Catasós. Posteriormente percorrерemos a Fraga de Casas Vellas, área ameazada pola citada liña eléctrica, que acolle os mesmos valores naturais que a veciña Fraga de Quiroga, Monumento natural, que está ao outro lado da estrada N-525. Alí visitaremos o exterior da Casa Grande Quintela, da familia Quiroga, e ascenderemos pola corredoira da fraga, á beira do muíño e do Rego de Quintela ata chegar á **Fraga de Belelle**. No retorno adentrarémonos nun fermoso bidueiral, como antesá do cerne da Fraga de Catasós e os seus castiñeiros xigantes. O roteiro rematará de novo no campo de festa novo de Catasós, polo que será circular. **Lonxitude: 12 km. Dificultade: media-baixa.**

**Colabora con ADEGA:** Plataforma "Salvemos Catasós" <http://www.salvemoscatasos.org>, Grupo sendeirista "Érbedo": <http://erbedo1.blogspot.com.es/>

**Acompañaranos tamén:** Verdegaiá e a Asoc. Cultural Gentalha do Pichel.

Ver ruta en wikiloc: <http://es.wikiloc.com/wikiloc/view.do?id=8082509>

**DOMINGO, 25 de XANEIRO de 2015**



Xeral.....	15 €
Estudantes, xubilad@s e no paro.....	12 €
Soci@s.....	10 €
Ata 17 anos.....	5 €

**O autobús sairá de diante da Facultade de Formación do Profesorado ás 9.00 h.**

Imprescindible anotarse chamando ao **679 113 718** ou ao **982 24 02 99**.

**Leva roupa e calzado axeitados e comida para o camiño. O bo humor é cousa de tod@s**

**PRÓXIMOS ROTEIROS DE ADEGA LUGO**

**22 de Febreiro:** Bosque de ribeira (Sarria)

**19 de Abril:** Sobreiral do Arnego (Agolada)

**14 de Xuño:** Loureiral (Illa Cortegada)

**22 de Marzo:** Acevais de Piornedo (Ancares)

**24 de Maio:** Bosque de inundación (Begonte)

+info: [www.adega.gal](http://www.adega.gal) ou [roteirosadegalugo.blogaliza.org](http://roteirosadegalugo.blogaliza.org)

# Cousa de raíces

## Roteiros 2015



ADEGA

### MAPA E PERFIL DO ROTEIRO

Ver máis información en wikiloc: <http://es.wikiloc.com/wikiloc/view.do?id=8082509>



Descarga aquí o QR da ruta:

